

# Xantar convirte a Ourense na 'mesa' das comidas galegas

► Redacción

A Casa de Galicia en Madrid foi o escenario elixido para a presentación oficial da nova edición de Xantar, Salón Galego de Gastronomía e Turismo, o pasado 23 de febreiro. Esta sexta convocatoria terá lugar dende o 2 ó 6 de marzo no recinto ferial de Expourense.

Alejandro Rubín Carballo, director-xerente de Expourense, Ovidio Fernández Ojea, presidente do Comité Executivo de Expourense; Isabel Hernández, secretaria xeral do From, José Manuel Freire, presidente do Inorde, José

Araújo, responsable de Cultura do concello de Ourense; foron os encargados de explicar ós asistentes as peculiaridades deste certame, que ten na gastronomía e o turismo a súa razón de ser, ademais de ofrecer ós asistentes un pequeno anticipo mediante un viño galego como broche de ouro.

Durante a presentación xa se deron a coñece-los nomes das dú-as comunidades españolas invitadas para este ano, como son Castela-León e Andalucía, ademais das cinco rexións turísticas do veciño Portugal, como Dão Lafões, Leiria-Fátima, Douro Sul, Alto Minho e Verde Minho.

Durante os cinco días de duración do certame levaranse a cabo diferentes xornadas adicadas ós espazos máis emblemáticos e ós produtos máis típicos destes lugares.

Neste senso, Expourense reúne a máis ampla representación das 300 festas gastronómicas que se celebran en toda Galicia ó longo do ano. O programa inclúe diferentes degustacións, maridaxes, actividades promocionais de índole turística. Xantar servirá ademais de marco para a celebración do convivium de refundación do movemento Slow Food en Galicia. ■

